

Coren contra Manuel

Un caso de SLAPP no agro galego



falaRural
GREENPEACE

Coren contra Manuel

Un caso de SLAPP no agro galego

1. As “SLAPP”: un vello novo xeito de acalar as voces críticas	6
1.1. Lembre estas siglas: SLAPP	6
1.2 SLAPP no mundo: cada vez máis frecuente en Europa	6
1.3. O activismo ecoloxista no foco	10
1.4. Frear as SLAPP: unir forzas e crear marcos reguladores	10
2. O xigante Coren contra Manuel. As SLAPP chegan á vida rural ourensá	12
2.1.A bisbarra da Limía. Masificación gandeira, contaminación e silencio	10
2.2. O exemplo de Manuel. Un heroe anónimo coma outro calquera	10
2.3. Manuel, por que non calas?	15
2.4. Na Limia non os chaman SLAPP, mais o son: outros casos	16
2.5. O rei do esterco de polo. Que hai detrás do grupo Coren	16
2.6. Unha longa historia de denuncias contra Coren, pero onde está a Xunta de Galicia?	17
2.7. Un escándalo de contaminación de dimensións europeas	17
2.8. Pouca gana de buscar solucións	18
3. Si, os impactos ambientais están aí	22
3.1 Gandaría sen terra, pero con moitos refugалlos	22
3.2. Os datos non menten. A contaminación provócaa a industria da carne	24
3.3. Pouco emprego e moito impacto social e medioambiental	26
4. Demandas e propostas	30
4.1. Ao Goberno de España	31
4.2. Para Coren	31
4.3. Para a Xunta	
4.4. Para a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	32
4.5. Recomendacións de Greenpeace para reforzar o reto demográfico e manter un medio rural vivo e sustentable	32

Fotos Greenpeace / Pedro Armestre





Breve introdución e metodoloxía

O caso de Manuel García, un agricultor e ecoloxista da bisbarra da Limia, en Ourense, é un bo exemplo do difícil que, cada día máis, resulta defender a natureza. Manuel, un ECOLOXISTA, así, con maiúsculas, víuse “ameazado” por se arreoñar a unha grande empresa gandeira da súa zona e por dicir que xa abunda! de contaminar a terra na que naceu e que ama.

Para Greenpeace, este tipo de casos supoñen unha liña vermella. Non se pode perseguir a quen quere protexer o ben común e moito menos, coma no caso de Manuel, utilizando medios públicos, como a Xustiza, para isto.

Quen contamina debe pagar por facelo e quen protexe o medio ambiente debe ser recoñecido, non perseguido, e niso imos seguir. Neste informe analizamos que son as SLAPP (a técnica usada para tratar de amedrentar a Manuel), cal é o grave problema medioambiental que vive a bisbarra da Limia e cales son as solucións, segundo o noso punto de vista, para resolver este problema.

Para realizalo, Greenpeace creou un equipo multidisciplinar de expertas e expertos que analizaron o caso de Manuel e a situación ambiental da Limia. Como base sobre a que se desenvolveu o traballo está toda a información, análise e datos recompilados durante anos pola Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e polo Movemento Ecoloxista da Limia (MEL); sen o seu esforzo e dedicación e a de moitas outras persoas, este informe non existiría. Ademais, utilizáronse numerosos datos oficiais, tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Varios equipos de Greenpeace percorreron a bisbarra durante varias semanas nos últimos meses documentando a situación ambiental na que se atopa e tomando mostras que corroboran e avalan as sospeitas tanto das autoridades como dos grupos ecoloxistas e veciñais da zona.

Para este traballo de análise contouse con material achegado pola unidade científica de Greenpeace na Universidade de Exeter, no Reino Unido. O equipo da organización ecoloxista tomou mostras en numerosos pozos, fontes, cursos de auga, lagoas, encoros e billas, con resultados preocupantes que bordean o limiar da legalidade e que poderían pór en perigo a poboación. Todo iso vén corroborar o xa denunciado en anteriores ocasións por numerosos estudos científicos.

Tamén constatou as malas prácticas da industria gandeira, que utiliza os campos da zona como vertedoiros de xurros e esterco de polo, algo que pouco ou nada ten que ver con fertilizar a terra, senón máis ben coa contaminación de augas que rematan por se infiltraren no subsolo. Tamén constatou que, para evitar que esas actividades sexan denunciadas, o sector gandeiro afasta cada vez máis as súas verteduras cara a zonas fóra da bisbarra, desprazando o problema. No estudo non se constataron as condicións nas que se atopan amoreados os centos de milleiros de animais das explotacións gandeiras sen xanelas da zona, pero todo suxire que non deben de ser especialmente boas. Si se constatou que na zona apenas existen animais polo campo. A bisbarra da Limia é unha xoia natural, cun medio ambiente que necesita ser preservado para os seus habitantes actuais e as futuras xeracións, e para iso cómpre procurar alternativas ao modelo agroindustrial actual con decisión e sen medo.



As “SLAPP”: un vello novo xeito de acalar as voces críticas

1.1. Lembre estas siglas: SLAPP

Imaxinas un país no que activistas sociais ou ambientais, xornalistas ou investigadores non poden facer críticas a determinadas prácticas de grandes empresas ou de xente con moito poder? En realidade, isto xa acontece acotío en todo o mundo: cada ano, milleiros de persoas son demandadas por grandes empresas coa única intención de silenciar a súa voz.

As Demandas Estratéxicas contra a Participación Pública (SLAPP, polas súas siglas en inglés) son demandas presentadas por actores poderosos, xeralmente grandes empresas ou despachos, para acosar e acalar as persoas que denuncian algunha irregularidade a prol do interese público. As vítimas máis habituais destas demandas son activistas, xornalistas independentes ou investigadores, que desempeñan unha función de vixilancia imprescindible nos sistemas democráticos.

Estas “demandas mordaza” son un xeito de intimidación legal e acoso xudicial, xa que utilizan os seus cuantiosos medios para asfixiar estas persoas ou as súas organizacións a través de complexos e custosos procesos xudiciais, de maneira tal que en ocasións se ven na obriga de abandonar o seu labor para se centraren durante anos na defensa dun proceso que os podería arruinar. O resultado final é o menos importante para estes demandantes, porque o seu principal obxectivo é a ameaza e a anulación da capacidade de reacción de quen expón as súas críticas. En definitiva, é un xeiro privado de limitar a liberdade de expresión.

O efecto resultante é a mingua da participación cidadá no debate público sobre importantes problemáticas sociais ou ambientais. Este efecto paralizante non se limita ás vítimas directas das SLAPP, xa que outras moitas persoas se absteñen de falar ou participar en asuntos de interese público por medo a seren tamén demandadas.

Abusar dos tribunais para silenciar críticas forma parte dunha preocupante tendencia mundial á limitación do espazo de actuación da sociedade civil. Ao tempo que moitos gobernos veñen aprobando leis para criminalizar as protestas cidadás ou restrinxindo a capacidade dos medios de comunicación para informar sobre temas incómodos, tamén se intensificou o acoso cara ás e aos activistas e defensores sociais e ambientais, que adoito sofren ameazas, encarceramentos e mesmo asasinatos.

A liberdade de expresión e a protesta pacífica son alicerces fundamentais da democracia e pór fin a esta ameaza require a implicación das institucións públicas e dos diferentes sectores involucrados. Como saben a meirande parte de dirixentes empresariais, o mellor xeito de responder as críticas non é amedrentando nos tribunais a quen as expresa, senón establecendo un diálogo construtivo con múltiples actores que pode dar lugar a solucións creativas e inesperadas, alén de reforzar a lexitimidade social da súa actividade.

1.2 SLAPP no mundo: cada vez máis frecuente en Europa

O termo SLAPP ten as súas raíces en Estados Unidos, onde nas últimas décadas resultou ser un fenómeno realmente preocupante para a liberdade de expresión, tanto que hogano algúns estados implantaron lexislación para evitar este tipo de demandas. Así ocorreu tamén en Canadá e en Australia. Mais o certo é que esta práctica de acoso xudicial está cada vez máis estendida en Europa, onde hoxe en día non existe ningunha lexislación que a regule.

En Alemaña, por exemplo, o xigante do carbón RWE demandou a un activista climático de 24 anos por alentaren accións non violentas de protesta en resposta á crise climática. En Francia, a empresa construtora VINCI presentou unha demanda por difamación contra Sherpa, a ONG que acusou á súa filial qatarí de recorrer ao traballo forzoso. En Polonia, a emisora estatal TVP demandou por vía civil e penal ao profesor de dereito Wojciech Sadurski polas súas críticas expresadas en Twitter.

Descripción general de los casos de SLAPP en Europa

Irlanda

Ryanair presentó casos por difamación contra expilotos y miembros del “Ryanair Pilots Group”, que intentaban formar un sindicato.

El multimillonario Denis O’Brien ha presentado casos de difamación contra varios medios de comunicación en Irlanda, lo que llevó a The Irish Times a calificarle como un “litigante en serie rico”.

Francia

Teodoro Obiang, presidente de Guinea Ecuatorial, presentó denuncias por difamación contra las ONG y los periódicos franceses, incluidas Transparencia Internacional Francia, Le Parisien y L'Express, por investigar la corrupción y conductas inapropiadas.

Bollore o empresas afiliadas iniciaron más de veinte demandas por difamación contra periodistas, abogados y activistas que investigan presuntos abusos contra los derechos humanos.

Portugal

El productor de pulpa de eucalipto Celtejo demandó al activista Arlindo Marquês por acusaciones de que la empresa contamina el río Tajo.

España

El productor de carne industrial Coren demandó al activista Manuel García por decir que la mala gestión de los desechos ganaderos de la empresa estaba contaminando el embalse de As Conchas.

Reino Unido

Appleby demandó a The Guardian ya la BBC para evitar que se dieran a conocer más informes sobre evasión de impuestos “The Paradise Papers”.

Arron Banks presentó una demanda de 1 millón de libras esterlinas contra la periodista Carole Cadwalladr por dos charlas públicas y dos tuits.

Bélgica

Los periodistas de investigación David Leloup y Tom Cochez fueron objeto de numerosas demandas judiciales por informar sobre corrupción que involucraba al diputado Alain Mathot y empresas en Lieja.

Alemania

El gigante del carbón alemán RWE demandó a un activista climático de 24 años que había pedido actos de desobediencia civil en respuesta a la crisis climática.

Activistas de SumOfUs a favor de responsabilidad corporativa de las empresas se enfrentaron a casos por usurpación de marca registrada y difamación por una protesta pacífica frente a la sede de PayPal.

Austria

Holzindustrie Schweighofer presentó un caso de difamación contra el vicepresidente de la ONG rumana, Neuer Weg, que hacía campaña contra la tala ilegal.

T & F Trade and Finance demandó al sitio web de noticias 24.kg de Kirgizstani por 40.000 euros.

Polonia

El profesor de derecho Wojciech Sadurski se enfrenta tres demandas penales y civiles por difamación basadas en tuits que critican al partido gobernante del país, PiS, y a la emisora estatal.

PiS y empresas estatales han presentado más de 40 demandas contra el periódico Gazeta Wyborcza.

Eslovaquia

QEZ, una empresa de gestión de vertederos, demandó al activista Ján Šimún por informar de altos niveles de arsénico en el río Orava.

Rumania

Elena Popa, una cuidadora rumana en Austria, fue demandada por empresas de contratación por crear un grupo cerrado de Facebook sobre empleadores abusivos de trabajadores domésticos en Austria.

Croacia

Una empresa holandesa, Elitech, y su filial croata demandaron a Zelena akcija (Amigos de la Tierra Croacia) por su campaña contra un campo de golf en Dubrovnik.

Los periodistas y medios de comunicación croatas se enfrentan a 905 demandas activas. Aunque no es posible saber si todos son SLAPP, demuestran el entorno hostil en el que trabajan los reporteros.

Malta

Daphne Caruana Galizia tenía más de 40 casos SLAPP abiertos en su contra en el momento de su asesinato.

Todos los periódicos más importantes de Malta eliminaron o modificaron artículos porque no podían permitirse el lujo de impugnar acciones legales.

Italia

Solo en 2017 se presentaron más de 9.000 demandas penales por difamación contra periodistas.

Roberto Saviano, periodista de renombre mundial, fue demandado penalmente por difamación por el político Matteo Salvini.

En diciembre de 2019, la periodista de investigación Federica Angeli ganó su demanda número 111 por difamación. Vive bajo protección policial por ejercer su trabajo.

O caso europeo máis coñecido é o da xornalista e blogueira maltesa Daphne Caruana Galizia, asasinada en 2017 cunha bomba lapa baixo o seu coche. Coñecida pola súa análise crítica da realidade sociopolítica do seu país, dedicou gran parte da súa carreira a denunciar a corrupción institucional e o seu traballo foi clave na investigación sobre os Papeis de Panamá en Malta, que salpicaban ao goberno do primeiro ministro. Precisamente por este empeño, foi obxecto de multitude de demandas por parte de figuras cun gran poder en Malta e no momento do seu asasinato tiña pendentes 47 SLAPP na súa contra.

1.3. O activismo ecoloxista no foco

As oficinas e os activistas de Greenpeace de todo o mundo levan moitos anos sufrindo SLAPP. Por exemplo, Greenpeace Francia foi unha de varias ONG, medios de comunicación e xornalistas que foron obxecto de cando menos 20 demandas presentadas polas compañías de aceite de palma asociadas ao Grupo Bolloré como resposta aos artigos, informes ou programas que denunciaron a vulneración dos dereitos humanos relacionada coas súas actividades no continente africano.

En Estados Unidos, o xigante madeireiro canadense Resolute Forest Products interpuxo nos últimos anos varias demandas millonarias contra diversas oficinas e activistas de Greenpeace en relación co seu traballo de protección dos bosques boreais. En 2019, grazas ás leis de prevención de SLAPP do Estado de California, a última demanda que quedaba por resolver foi desestimada. Finalmente, neste mesmo ano, a empresa foi condenada a pagar preto dun millón de dólares en concepto de custos xudiciais.

Como resultado destas demandas, Greenpeace Internacional comezou a investigar a escala e a natureza das SLAPP en todo o mundo, recoñecendo unha clara tendencia á alza no uso destas tácticas por parte de grandes empresas e persoas con gran poder. Dado que o activismo ambiental xeralmente apunta ao poder corporativo, os activistas ecoloxistas adoitan estar máis expostos a estas tácticas de intimidación: de feito, os académicos que acuñaron o termo SLAPP atribuíron o incremento desta práctica ao auxe do activismo ambiental.

1.4. Frear as SLAPP: unir forzas e crear marcos reguladores

As SLAPP son unha ameaza para a liberdade de expresión e a democracia nos países nos que operan. Por iso, necesitamos unha lexislación que evite que os grandes poderes ou corporacións utilicen os tribunais para silenciar xornalistas, activistas ou investigadores. Neste intre crucial para reconstruírmos unha sociedade verde, xusta e solidaria, necesitamos reforzar todos os sistemas democráticos que impiden que algúns xigantes sen escrúpulos poidan silenciar as persoas e organizacións que traballan por un planeta mellor.

Para conseguilo, Greenpeace promoveu unha coalición europea de organizacións de sociedade civil moi diversas. Froito desta alianza, recentemente lanzamos un documento de toma de posición asinado por máis de 100 organizacións e 32 membros do Parlamento Europeo, no que describimos os perigos que comportan este tipo de demandas e solicitamos ás institucións europeas unha directiva que lles poña límite.

Doutra banda, a Unidade Europea de Greenpeace publicou recentemente o informe “Sued into Silence” (Demandados ata o silencio) sobre o uso destas tácticas xudiciais por parte do poder para silenciar críticas en Europa.



O xigante Coren contra Manuel. As SLAPP chegan á vida rural ourensá

2.1. A bisbarra da Limia. Masificación gandeira, contaminación e silencio

Efectivamente, non hai que viaxar aos Estados Unidos para coñecer casos de SLAPP. O de Manuel García, na chaira da Limia, Ourense, é un bo exemplo disto dende o día en que se interpuxo no camiño do xigante cárnico Coren e denunciou publicamente as súas malas prácticas ambientais. O grupo Coren promoveu, con especial intensidade nos últimos vinte anos, a maioría das explotacións gandeiras industriais da zona da Limia. A diferenza doutras rexións peninsulares, onde o sector industrial cárnico optou por crear enormes granxas, na planicie limiá este xigante da produción cárnica impulsou, seguindo un modelo empresarial de cooperativa integradora, centos de explotacións de menor tamaño nun territorio relativamente reducido que, sumadas, provocan un grande impacto ambiental na bisbarra.

Este modelo de integración vertical facilita a viabilidade económica, mais exímea de moitas responsabilidades, en especial das graves afeccións ambientais que a excesiva carga gandeira que incentivan orixina nalgunhas zonas, coma no caso da Limia. De feito, diante das acusacións que reciben de contaminar a chaira ourensá, a empresa cárnica lava as mans e lembra que as súas explotacións se basean, por unha banda, en granxas propias do Grupo Coren e, pola outra, nas granxas das súas cooperativistas, das que recalca que non é titular a cooperativa, senón persoas particulares que venden as súas producións a Coren. Así, subliña que, no que respecta ás granxas propias de Coren, “non se realizou nos últimos 20 anos ampliación das explotacións existentes nin construción de granxas novas en ningún dos oito concellos que integran a bisbarra da Limia”¹. Con todo, promoveron centos delas co seu sistema de integración e, amais de ser unha cooperativa de segundo grao, tamén funciona como Grupo Cooperativo; é dicir, é Coren quen dita as normas de funcionamento que

teñen que seguir as súas cooperativas asociadas.²

A convivencia e a permisividade das Administracións, carecedora dun código de boas prácticas agrarias de obrigado cumprimento, e a inhibición de Coren, que promoveu a maioría das granxas industriais cun patrón de negocio que lle permite non se responsabilizar directamente da xestión dos refugallo, derivou en graves problemas ambientais, sanitarios, sociais e, en definitiva, nun cuestionable modelo de desenvolvemento rural sen base territorial. Cantidades abusivas de xurros e esterco, moitísimo máis grandes do que a superficie agraria útil da zona pode absorber como fertilizante, esparéxense por grandes extensións de terra en calquera época do ano e quedan expostas ao aire libre, o que vulnera, entre outras, as directivas europeas referentes ás emisións de amoníaco e provoca a contaminación das augas superficiais e subterráneas con nitratos, fósforo e outros compostos.

Nos últimos anos, A Limia converteuse na zona o dos nitratos do norte de España e, do mesmo xeito que ocorre noutras zonas de España como o Mar Menor, a inxente cantidade desta substancia nas augas está a provocar un importante problema de contaminación que as Autoridades non queren encargar de forma correcta. Cómpre lembrar que os nitratos son canceríxenos e, por riba dos 50 mg/litro de auga^{3 4}, a auga non é apta para consumo, malia que estes niveis non son infrecuentes nas billas da zona, algo que investigadores de Greenpeace puideron constatar in situ.

A bisbarra da Limia, que abrangue a chaira homónima, está formada por 11 concellos⁵ e uns 800 quilómetros cadrados

2 Narciso Arcas Larioa e Miguel Hernández Espallardo. Tamaño y competitividad. Casos destacados de cooperativas agroalimentarias españolas. Mediterráneo Económico, 24. Páx. 205-229.

3 Guidelines for drinking-water quality. OMS. 2011

4 Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga consumo humano. BOE. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2003/BOE-A-2003-3596-consolidado.pdf>

5 Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

1 Galicia Confidencial. Coren, tras as acusacións de contaminar o Val da Limia: “Facemos unha xestión dos refugallo gandeiros escrupulosa”



en total. Conta con 20.075 habitantes (2019), a metade deles na capital comarcal, Xinzo de Limia. Cinco destes concellos non superan o milleiro de habitantes e, agás Xinzo, o resto supéranos por pouco. Chama poderosamente a atención o feito de que na bisbarra hai menos da metade dos 41.480 habitantes que había a principios da década dos 80 do século pasado⁶, amosando unha regresión de poboación común a toda a provincia, pero tamén paralela ao enorme desenvolvemento do modelo agrogandeiro intensivo que se deu na zona, que parece evidente que non conseguiu fixar poboación no territorio con éxito.

Isabel Vilalba, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, unha das principais organizacións agrarias de Galicia, cuestiona abertamente a aposta por este tipo de desenvolvemento:

“Este modelo industrial de ceba de animais ten graves impactos na saúde pública, no medio ambiente, implica grandes endebedamentos para a xente produtora e a perda total de autonomía, a destrución da agricultura tradicional, do rural... Fornece de materia prima barata a industria e a distribución e move grandes cantidades de diñeiro en investimentos, subministracións... Todos estes intereses fan que gobernos como a Xunta de Galicia, bancos e demais lobbies económicos apoién fortemente este modelo, mesmo con grandes sumas de diñeiro público. Nin El Pozo, nin Campofrío, nin Coren, nin Hermi... responden a ningún modelo de interese xeral. Deberíamos telo claro”⁷.

Para reforzar o seu poderoso negocio cárnico, a empresa conta tamén con máis dunha vintena de industrias propias⁸ que garanten o control absoluto pola súa parte. Estas van dende a produtora cárnica (Cooperativas Orensanas SCG), a súa principal fonte de facturación, a catro centros de procesado (ovos, carne avícola, porcino e vacún), tres centros de incubación, unha empresa de produción de pensos (Coren Agroindustrial) con até seis fábricas, unha comercializadora (Galega de Alimentación), unha xestora de subprodutos (Cesuga) e un laboratorio de innovación

(Labgalia), así como cinco plantas de coxeración e mesmo varias sociedades comerciais como Coren Grill e Louriño, entre outras filiais. A empresa Suministros Coren (Sumicor) é a que se dedica a proporcionar servizos técnicos e produtos aos cooperativistas, dende farmacia e veterinaria a material agrogandeiro, etc.


2.2. O exemplo de Manuel. Un heroe anónimo coma outro calquera

Manuel García encarnou como ninguén nos últimos tempos as loitas locais na Limia contra a expansión indiscriminada da gandaría industrial e os efectos que está a ter no medio ambiente, especialmente na contaminación das augas e terras. Ao tempo, **tamén foi obxecto do acoso do poderoso Grupo Coren, que quixo silencialo levándoo ao xulgado baixo ameaza dunha demanda por un millón de euros** polo feito de mencionar á cooperativa nas súas denuncias públicas contra a contaminación provocada pola industria cárnica na Limia.

Ecoloxista militante e agricultor ecolóxico, Manuel creou xunto a catro socios unha das primeiras cooperativas galegas de produción e comercialización de alimentos ecolóxicos, que cada día segue a repartir porta a porta produtos procedentes do concello limiao de Rairiz da Veiga. O devandito concello, grazas á loita ecoloxista, foi o único da bisbarra que non sufriu as consecuencias das concentracións parcelarias na bisbarra e que, por tanto, conservou o sistema agrario tradicional galego en mosaico. Con esta base territorial, Manuel e os seus socios decidiron, en 1996, apostar pola agroecoloxía como medio de vida e axudar así a defender a función produtiva, social, ecolóxica, paisaxística e recreativa do devandito sistema agrario.

O cinco socios eran ademais membros do Movemento Ecoloxista da Limia (MEL), unha das organizacións ambientalistas máis antigas de Galicia, nada en 1981, que xogou un papel fundamental na defensa da Limia fronte ás tentacións da minería de lignito primeiro, os efectos das concentracións parcelarias despois e a gandaría industrial nos últimos anos, xunto á plataforma veciñal Auga Limpa Xa!. Esta última creouse a principios de 2019 para denunciar tanto a situación da contaminación na Limia como as súas causas e demandar solucións, así como outro modelo de desenvolvemento no rural⁹, e recentemente Greenpeace

⁹ Radio.Tribo. Min 33:55. Alba Pazos, da Plataforma Auga Limpa xa! e Manuel González, do MEL.



puido escoitar as súas demandas durante unha visita á zona.


A plataforma e o MEL esixen unha xestión dos refugалlos, con medidas socialmente xustas tales como que os custos desa xestión sexan asumidos como gastos de produción, un código de boas prácticas agrogandeiras de obrigado cumprimento, a posta en marcha de novo da planta de tratamento de refugалlos e outras alternativas, a exclusión da “gandaría sen terra” das axudas da PAC ou o cambio cara a un modelo extensivo e ecolóxico. Así mesmo, esixen unha moratoria da creación de máis granxas e a non ampliación das existentes, alén de discutir abertamente o modelo agroindustrial que, afirman, non serviu para manter un medio ambiente san nin para manter poboación na bisbarra.

2.3. Manuel, por que non calas?

O 3 de febreiro de 2020, os servizos xurídicos do Grupo Coren remitiron un burofax a Manuel García reclamándolle danos e prexuízos polas declaracións efectuadas no programa de RTVE “España Directo”¹⁰, emitido case cinco meses antes, concretamente o 18 de setembro de 2019. No programa, Manuel amosaba como un canón dunha “granxa propia de Coren” regaba con xurro unha pradaría e afirmaba que estas regas con xurros sen tratar, de centos de toneladas cada día, levan antibióticos e moitos produtos químicos que se filtran ás augas subterráneas da bacía e son a causa primordial da contaminación por cianobacterias do encoro das Conchas. No burofax informábase a Manuel da admisión por parte do Xulgado de Primeira Instancia de Xinzo de Limia dunha demanda de conciliación como paso previo á admisión dunha demanda civil en defensa da honra, con esixencia de danos e prexuízos causados valorados nun millón de euros. O burofax de Coren a Manuel terminaba cun parágrafo ben clarificador:

“Igualmente comunícolle que procederemos a visionar as gravacións relativas a calquera acto, conferencia ou coloquio no que vostede ou calquera outra persoa interveña ou interviñese e no que se efectúe calquera alusión á nosa cooperativa, co fin de valorar o eventual inicio de novas accións xudiciais en materia de intromisión ilexítima do dereito á honra de Cooperativas Orensanas SCG (...)”.

¹⁰ A denuncia de Coren a Manuel ten que ver coas declaracións feitas en España Directo, que tratou a contaminación do encoro das Conchas (a partir do min 26’15’)



O texto ben podería explicar o feito de que Coren esperase uns cinco meses para denunciar a Manuel. O Movemento Ecoloxista da Limia (MEL) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) estiveron semanas antes anunciando unha xornada sobre a problemática da gandaría industrial na saúde e o medio ambiente en Ourense, celebrada o 7 de febreiro de 2020¹¹, ás que é moi posible que se referise Coren nas súas ameazas. Con todo, as ameazas de pouco serviron e a xornada celebrouse, tamén coa participación de membros da Coordinadora Estatal Stop Gandaría Industrial e outras persoas.

O 2 de marzo de 2020 Manuel acudiu ao xulgado de Xinzo de Limia para o acto de conciliación. Medio centenar de persoas concentráronse nas portas do xulgado para meterlle presión. Mesmo así, non conseguiron intimidar a Manuel, que se ratificou nas súas denuncias contra o ausente tratamento dos xurros nas granxas¹² e a responsabilidade do Grupo Coren. **Agora está nas mans do Grupo Coren seguir adiante coa denuncia ou pasar a páxina e tentar solucionar os graves problemas ambientais que provoca na Limia.**

En todo este proceso, Manuel non estivo só. Decenas de organizacións, entre elas Greenpeace¹³, manifestaron o seu apoio e indignación ante unha denuncia que, afirman, só pretende “pechar a boca aos que nos opomos a este modelo industrial”. “Mentres que persoas e colectivos que traballan na defensa da xustiza social e ambiental son perseguidos, entidades vencelladas ás elites políticas e empresariais dispoñen dos medios posibles para evadir sancións penais e económicas, ou que se mire para outro lado ante as agresións que padece a contorna na que vivimos¹⁴”. Tamén organizacións cun longo historial en defensa da Limia e que recibiron igualmente presións do lobby da gandaría industrial, como a SGHN, saíron á palestra reafirmando: “Seguiremos divulgando as malas prácticas e os impactos negativos da gandaría industrial sobre a saúde das persoas e do medio ambiente e loitando por unha produción de alimentos racional e sustentable¹⁵”.

2.4. Na Limia non os chaman SLAPP, mais o son: outros

¹¹ Coren denuncia a un agricultor de A Limia que señala a la empresa como culpable de los vertidos de purines en la comarca

¹² Acto de intimidación en Xinzo da Limia

¹³ Greenpeace denuncia las amenazas del lobby de la ganadería industrial al ourensano Movemento Ecoloxista da Limia

¹⁴ 46 colectivos, en apoio de Manuel García contra a demanda de Coren

¹⁵ Apoio de SGHN a Manuel García e o MEL

⁶ Instituto Galego de Estatística (IGE)

⁷ Perfil de facebook do Sindicato Labrego Galego

⁸ Coren, la mayor cooperativa avícola y ganadera de España

¹⁴ Coren contra Manuel

casos

A denuncia de Coren contra Manuel García non foi o único acto de intimidación do lobby gandeiro contra quen denunciou a insustentable situación ambiental da Limia. Nos dous últimos anos, até cinco activistas e cando menos dous científicos recibiron cartas ameazantes polos seus posicionamentos contra os intereses da gandarfa industrial.

Iso si, non sempre foi Coren a encargada de facelo. Na maioría de ocasións, as ameazas chegaron a través da Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (ADEGAL), que ten fortes vínculos con Coren. Nos últimos tempos, Adegal enviou até cinco burofax¹⁶ a persoas que destacaron na loita contra os xurros e o esterco, ameazando con demandas, aínda que nunca chegaron ao Xulgado. Especialmente significativo foi o burofax remitido a Serafín González Prieto como presidente da SGHN, anunciándolle o estudo de accións xudiciais por “informacións vagas, pouco concretas e xeneralizadas realizadas a diferentes medios de comunicación e nas redes sociais”. Dáse a circunstancia de que Serafín é científico do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), e traballa dende hai máis de 30 anos en bioquímica do solo; ademais, unha das súas especialidades é precisamente o nitróxeno.

Pero a situación xerou tamén moita tensión na bisbarra, con episodios nos que activistas en defensa dunha Limia sen contaminación foron ameazados e acosados, mesmo con perigo para a súa integridade física. Entre outros casos, amais da xa mencionada concentración de gandeiros ás portas do xulgado de Xinzo o día da declaración de Manuel García¹⁷, en agosto de 2019 membros da plataforma Auga Limpa Xa! tiveron que ser protexidos polas forzas de seguridade polo acoso dun cento de persoas que trataban de evitar a súa actividade —e lograron— nunha mesa informativa na feira de Xinzo. E, de novo, obviando toda a información científica existente, dende a esfera política volveron negar a maior. O grupo municipal do PP de Xinzo tachou de “infamias” as críticas da plataforma, pois “entende que aqueles que piden freo a un grao de contaminación que está envelenando terras de cultivo e acuíferos da Limia só conseguen ‘atacar ao sector agropecuario’”¹⁸.

2.5. O rei do esterco de polo.

Que hai detrás do grupo Coren

O **Grupo Coren**, dedicado máis ca nada á produción en avicultura de carne e posta, porcino e vacún, é a primeira sociedade cooperativa española e a décima no sector das carnes no conxunto da Unión Europea. Está entre as 35 empresas produtoras de carne e lácteos máis grandes do mundo por volume de produción¹⁹. Tamén é a única cooperativa agroalimentaria española que está entre as cen primeiras a nivel mundial (90) en volume de facturación, superando os 1.000 millóns de euros. Trátase dunha cooperativa de segundo grao — cooperativa de cooperativas — que ten a súa orixe na provincia de Ourense en 1961 a partir da antiga Unión Territorial de Cooperativas Orensanas (UTECO). O seu fundador foi o mestre, empresario e político Eulogio Gómez Franqueira.

O grupo está presidido dende 1984 polo fillo do seu fundador, Manuel Gómez-Franqueira Álvarez, co que experimentou un gran crecemento, internacionalizouse e diversificou moito as súas liñas de negocio até converterse no líder do seu sector, que abrangue dende a produción industrial intensiva, o seu principal negocio, até polos e ovos de produción ecolóxica. Segundo os seus propios datos, conta con 4.739 socios e socias integrados ou asociados, emprega a 3.240 persoas e facturou en 2017 uns 1.033 millóns de euros, aínda que os datos son difíciles de comprobar. Non en balde, Coren forma parte das 25 cooperativas agroalimentarias que, figurando entre as 100 primeiras do mundo, non publican os seus informes anuais²⁰. De igual xeito, conta cun elevado nivel de internacionalización, que representa un 38% das súas vendas totais, e exporta a 56 países dos cinco continentes. Como o PIB, Coren obtén unhas cifras espectaculares á hora de monetizar os bens e servizos cos que comercia, pero non ten en conta os custos ambientais nin os sociais.

A política tamén axuda

O peso da cooperativa e da familia Gómez-Franqueira na provincia de Ourense e nas esferas do poder sempre foi importante e as axudas públicas á integradora foron considerables. De feito, é unha das principais receptoras de axudas da Política Agraria Común (PAC), tanto de forma directa como indirecta, por medio das súas filiais

19 Feedback. Butchering the planet. The big-name financiers bankrolling livestock corporations and climate change.

20 Onno van Bekkum. Las 100 principales cooperativas agroalimentarias del mundo. Mediterráneo Económico 24. Págs. 33-40.

e integrados". Eulogio Gómez Franqueira, por exemplo, tivo unha destacada vida política, amais de participar na creación da Caixa Rural de Ourense. Ocupou o escano de procurador en Cortes polo terzo familiar de Ourense durante o franquismo e, logo do cambio de réxime, tamén formou parte da Unión de Centro Democrático (UCD), da que foi deputado en 1977 e nos comicios de 1979 e 1982. Máis tarde fundaría Coalición Galega, que chegou a ser a terceira forza política de Galicia nas eleccións autonómicas de 1985. Jesús de Juana López, da Real Academia da Historia, afirma que *"Coalición Galega tiña unha grande implantación en Ourense —grazas sobre todo a Coren— e unha notable presenza en Lugo, mais non así nas outras dúas provincias galegas"*, sacando a relucir o peso que o poder da cooperativa sempre tivo na esfera política²².

Máis recentemente, a neta do fundador, Sofía Godoy Gómez-Franqueira, sumouse ao PP de Ourense en 2015 —encabezado por Jesús Vázquez, ex-conselleiro de Feijóo— cando aínda era xerente da Fundación Coren²³. E tamén hai moitas mostras da atracción que a compañía sempre exerceu nas estruturas de poder, dende a Casa Real²⁴ ao actual presidente da Xunta, que chegou a afirmar “gustárame ser como Franqueira”²⁵, e por suposto a Deputación de Ourense, gobernada dende hai 30 anos polos Baltar, pai e fillo. O primeiro deles, Xosé Luís Baltar, cuxas controvertidas prácticas políticas outorgáronlle o apelativo popular de “cacique”, foi introducido na política polo fundador de Coren.

2.6. Unha longa historia de denuncias contra Coren, pero onde está a Xunta de Galicia?

Se algo hai que agradecer ao reprochable intento de silenciar ao activista Manuel García por parte de Coren é que axudou a dar aínda máis visibilidade á grave problemática que está a xerar a indiscriminada expansión da gandaría industrial en Galicia. A empresa reaccionou tratando de usar a intimidación nos xulgados para ocultar o problema no canto de resolvelo, obviando o feito de que non é unha situación

puntual que revelaron as palabras de Manuel nun programa de televisión, senón que as denuncias sobre a situación da Limia veñen sendo moitas nos últimos anos.

A SGHN é a entidade que máis destacou na presentación destas denuncias sobre a crise ambiental na Limia. Nos últimos 11 anos, advertiu en máis de 35 ocasións á Consellería de Medio Ambiente que a proliferación de explotacións gandeiras industriais na zona estaba a ter consecuencias negativas sobre a calidade e a cantidade —houbo tamén moitos casos de colapso hidrolóxico na cunca alta por uso abusivo da auga²⁶— das augas. Aínda así, a Xunta ignorou sistematicamente todas as alegacións da SGHN e outorgou declaracións de impacto ambiental favorables a todos os proxectos de novas explotacións industriais (ou ampliacións das existentes) na Limia.

Támén presentou denuncias na Fiscalía de Medio Ambiente e pediu que se dilucidase se poden existir responsabilidades penais por parte dos funcionarios ou cargos de libre designación da Consellería de Medio Ambiente que asinaron autorizacións de novas explotacións gandeiras ou ampliación das existentes na cabeceira do río Limia.

2.7. Un escándalo de contaminación de dimensiones europeas

O MEL denunciou a situación en varias ocasións, atraendo incluso o interese das institucións europeas. En novembro de 2018, a eurodeputada Lidia Senra, xunto ao deputado autonómico David Rodríguez, realizou unha visita á Limia na que constatou os grandes depósitos de esterco de polo á intemperie e mesmo asistiu en directo á descarga de xurros nunha parcela por parte dun camión cisterna co logo de Coren. Ese mesmo mes, a súa denuncia chegou á Comisión de Peticións do Parlamento Europeo²⁷ e, semanas despois, Serafín González, da SGHN, e o propio Manuel entrevistábanse co Xefe da Unidade para o Uso e Xestión da Terra e con persoal experto na xestión de nitratos da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, en Bruxelas. Trala súa exposición, o Xefe da Unidade para o Uso e Xestión da Terra afirmou:

26 Faro de Vigo. La SGHN denuncia una grave reducción del caudal del Limia por el uso abusivo del agua

27 Petition No 1057/2018 by M.A.M.N. (Spanish), on behalf of the Movemento Ecoloxista da Limia y Sociedade Galega de Historia Natural, on the effects of intensive livestock farming in the Limia Valley

“Hai cousas que son decisións políticas, por exemplo o tipo de modelo de desenvolvemento que se quere aplicar, pero logo está claro que aquí está a haber prácticas ilegais”.

De igual maneira, os representantes da Dirección Xeral de Medio Ambiente da CE subliñaron que precisamente a Comisión Europea acababa de notificar ao Estado español a apertura dun procedemento de infracción da Directiva sobre nitratos²⁸ (Directiva 91/676/CE do Consello) argumentando que:

“España non controla as súas augas de maneira efectiva, comprometendo a súa capacidade para revisar as zonas vulnerables aos nitratos e avaliar a eficacia dos programas de acción, limitando así a eficacia da lexislación”.

A eurodeputada Lidia Senra ía máis aló e denunciaba o modelo de desenvolvemento polo que aposta Coren:

“En primeiro lugar, hai que pór fin de inmediato ás ilegalidades, especialmente ás verteduras intensivas e descontroladas de xurros; establecer unha moratoria que non permita a instalación de novas granxas —cuestión que xa foi solicitada até en 33 ocasións pola SGHN— e, no marco da nova PAC, pór fin a este modelo de macroexplotacións industriais que o único que fan é destruír emprego. É fundamental protexer a auga e a saúde.”²⁹

En concreto, a SGHN e o MEL denunciaron en Bruxelas a vulneración de até cinco directivas europeas e a posible vulneración doutras, como as referentes ás emisións de amoníaco: Directiva 2000/60/CE (marco comunitario de actuación no eido da política de augas); Directiva 98/83/CE (calidade das augas destinadas ao consumo humano); Directiva 91/676/CEE (protección das augas contra a contaminación producida por nitratos empregados na agricultura); Directiva 2006/44/CE (calidade das augas continentais que requiren protección ou mellora para seren aptas para a vida dos peixes) e da Directiva 92/43/CEE (conservación dos hábitats e da fauna e flora silvestre).

A dimensión do problema da Limia traspasou máis fronteiras, na medida en que se trata dun río que discorre tamén por Portugal³⁰. A preocupación pola contaminación na parte galega do río non só chegou á prensa lusa ³¹, senón tamén á Assembleia da República en Lisboa, onde o Bloco de Esquerda pediu en pregunta parlamentaria información sobre o posible incumprimento do Convenio de Albufeira (1998), de cooperación para a protección e o aproveitamento sustentable das augas das bacias hidrográficas hispano-portuguesas, e preguntou pola posible afectación do Parque Nacional da Peneda-Gerês.³²

2.8. Pouca gana de buscar solucións

Despois de décadas de impunidade na Limia, as reiteradas denuncias provocaron a tímida reacción da Administración, que está por ver se ten capacidade para atallar o problema sen abordar, como pretende, a redución da carga gandeira na bisbarra, así como a restauración do dano ambiental causado. Á creación da Mesa da Limia³³ como punto de encontro entre as administracións, o sector agrogandeiro e organizacións sociais como as ecoloxistas —aínda que só de forma testemuñal— para buscar solucións, sumou a posta en marcha dunha Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia³⁴, pois os problemas da Limia reproducíense noutras zonas da comunidade autónoma, como O Deza (Pontevedra), Bergantiños (A Coruña) e a Terra Chá (Lugo). No texto, que se someteu a consulta pública en agosto e setembro de 2019, a Xunta por fin admite o obvio:

“Nos últimos anos obsérvase unha concentración de actividade gandeira intensiva en determinadas bisbarras de Galicia. Esta realidade está a xerar excedentes de esterco e xurro en determinadas zonas que a agricultura non é capaz de absorber, ocasionando un risco ambiental que é preciso atallar o antes posible coa finalidade de previr graves problemas

30 Faro de Vigo. El vertido de residuos contaminantes al río Limia traspasa fronteras y afecta a Portugal

31 Notícias dos Arcos. Suspeita de vestígios tóxicos nas águas do rio Lima já preocupa Bruxelas

32 Minho Digital. Água do Rio Lima contaminada chega a Portugal - Bloco questiona Governo

33 A “Mesa da Limia” constituíuse esta mañá no concello de Xinzo

ambientais que poden derivarse dunha xestión inadecuada de xurros e de esterco, tales como a contaminación difusa da auga (eutrofización, contaminación por nitratos e contaminación microbiolóxica), acumulación de fósforo e metais pesados no solo e emisións á atmosfera de amoníaco e gases de efecto invernadoiro, así como a xeración de cheiros”.

Outro punto normativo que está a esperar a oposición do lobby gandeiro é a futura prohibición, vía decreto³⁵, do Ministerio de Agricultura de espaxear os xurros mediante sistema de prato, abano ou canón, os máis utilizados en Galicia, para pasar a enterralos na terra mediante un sistema de inxección e tubos colgantes e cumprir así coas esixencias de sustentabilidade da Política Agraria Común³⁶. Un novo tropezo entre os intereses económicos e as urxencias ambientais, que non sempre parecen compatibles.

35 La Voz de Galicia. El decreto de fertilización prohíbe aplicar purines en plato o abanico

36 Galicia Confidencial. A xestión do xurro no campo pode converterse nunha nova “Alcoa” para o Goberno central

A Limia, unha xoia natural contaminada

Até 1958, A Limia acollía unha das zonas húmidas máis extensas e ricas en biodiversidade da Península Ibérica. Unha das lagoas da bacía alta do río Limia, a de Antela, tiña até 42 quilómetros cadrados, dependendo da época do ano, e estaba entre as máis grandes de Europa. O desecamento da lagoa no franquismo e as posteriores concentracións parcelarias dos 80 e 90 do século pasado cambiaron a chaira para sempre, rompendo o equilibrio natural da paisaxe e as súas zonas húmidas e soterrando o sistema agrario tradicional para dedicalo á produción intensiva de patacas primeiro e de cereais despois. Moitas antigas veigas e lagoas foron tamén explotadas para extraccións de area e, máis tarde, chegaría a instalación masiva de industrias de produción cárnica, sobre todo avícola e porcina. A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), que leva máis de tres décadas traballando na zona e tratando de recuperar parte da biodiversidade esquilma da por estas políticas produtivistas, describe así a situación:

“A ampla maioría das granxas industriais están vencelladas ou impulsadas polo conglomerado de empresas de Coren. Isto suxire a existencia dun plan empresarial de intensificación gandeira na chaira da Limia nos últimos 20 anos. O problema é que o devandito plan nunca se someteu a avaliación ambiental no seu conxunto. Por tanto, nunca se tiveron en conta os efectos sinérxicos e acumulativos da concentración de industrias gandeiras na chaira limiá, unha área moi sensible dende os puntos de vista hidrolóxico, botánico e faunístico”³⁷

Con todo, a planicie ourensá aínda conta con importantes valores naturais que precisan unha protección máis efectiva, entre eles unha pequena superficie na rede Natura 2000, a Veiga de Ponteliñares (ZEC de 160 ha.) e a ZEPA da Limia (6.939,20 ha.). Ademais, o Limia é tamén un curso fluvial internacional, que nace na bisbarra e a atravesa até entrar en Portugal pola Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés —formada polo maior parque natural galego, o da Baixa Limia-Serra do Xurés, e o único Parque Nacional portugués, A Peneda-Gerês— para desembocar en Viana do Castelo. Ao seu paso, represa no Encoro das Conchas e posteriormente no de Lindoso, xa na fronteira con Portugal, aínda que existen outros encoros na bacía, como o de Salas e a presa de Gudín.

³⁷ SGHN. Auga non potable na Limia





Si, os impactos medioambien- tais están aí

3.1 Gandaría sen terra, pero con moitos refugallos

Un feito obxectivo é que a chaira da Limia soporta hoxe en día, en aproximadamente 30.000 das súas hectáreas, unha carga gandeira completamente desmesurada, cunhas 500 explotacións segundo datos das plataformas locais, o que provoca que teña unha das concentracións de produción de carne en intensivo máis altas de Europa. Milleiros de vitelos, centos de miles de porcos e millóns de polos críanse en naves por toda a zona baixo o sistema denominado “gandaría sen terra”, pois paradoxalmente resulta complicado dar un paseo pola chaira e ver algún animal.

Segundo a SGHN, o gando na bisbarra leva arredor de vinte anos aumentando a un ritmo de 2.200-2.300 UGM anualmente, mentres que se estima que na actualidade hai unhas 75.000 UGM³⁸ —hai 20 anos eran 40.000—, e ocasionando unha carga de refugallos que equivalería aproximadamente aos efluentes fecais dunha cidade como Barcelona, cunha poboación aproximada dun millón e medio de habitantes, vertidos sen ningún tipo de depuración. Greenpeace constatou que as verteduras se producen a plena luz do día en campos abandonados a escasos metros de ríos como o Limia ou ben se derivan a zonas de montaña e ás bisbarras de Allariz-Maceda, Terra de Celanova e a Baixa Limia, lonxe do maior control na bisbarra da Limia.

A gandaría é xa de seu responsable do 14,5 % das emisións globais de gases de efecto invernadoiro. A isto súmase a deficiente ou case nula xestión de tantos millóns de toneladas de refugallos gandeiros, xunto á permisividade das Administracións, que provocaron gravísimos episodios de contaminación en toda a bacía do río Limia, con graves efectos ambientais, especialmente por exceso de nitratos; graves perigos para a saúde da poboación, con episodios de contaminación en augas destinadas ao consumo humano³⁹ e perda de calidade do ar, con cheiros constantes e altas

emisións de amoníaco, ademais de contribuír de forma moi importante ao cambio climático global, o empobrecemento da biodiversidade e a degradación paisaxística, entre outras. Cómpre ter en conta que xa en 2018 este sector foi o responsable do 95% das emisións declaradas de amoníaco en España.

Ante a ausencia dunha xestión dos refugallos, pois supostas solucións como a instalación dunha planta de tratamento de xurros de Coren e Caixa Galicia en Sarreaus⁴⁰ —chamada eufemisticamente Centro Tecnolóxico Medioambiental— foron máis publicidade que realidade, a práctica máis xeneralizada foi a de desfacerse dos millóns de toneladas de xurros ou o esterco de polo que xera o modelo agroindustrial verténdoo ou almacenándoo directamente en parcelas. Moitas delas reciben o elocuente nome de “parcelas de sacrificio” e están destinadas expresamente a isto, malia estaren inscritas como terras dedicadas ao cereal e recibiren axudas da Política Agraria Común (PAC).

Noutras ocasións, e segundo informacións das plataformas ecoloxistas locais, os xurros esparéxense por terras dedicadas á gandaría en extensivo nas montañas circundantes. Isto provocou unha enorme deterioración tanto das terras e augas superficiais, onde se chegaron a ver acumulacións de esterco de polo de até 600 e 800 toneladas á intemperie durante meses, como das augas subterráneas por causa da lixiviación, especialmente polas altas concentracións de nitratos procedentes fundamentalmente dos xurros, en non poucas ocasións superiores aos 50 mg/l establecidos como máximo admisible para o consumo humano.

De igual xeito, o encoro das Conchas, augas abaixo da chaira da Limia, sufriu durante os últimos anos enormes problemas de **eutrofización** das augas, coa presenza de grandes capas de cianobacterias, entre as que predomina *Microcystis aeruginosa*, que produce microcistina, unha sustancia tóxica

38 Unidades de gando maior (UGM)

39 La Región. El agua de Vilariño, en Sandiás, no es apta para el consumo

40 SGHN. Planta de puríns de Sarreaus: parte da solución ou parte do problema? La Voz de Galicia. Coren reabrirá en outubro la planta de tratamiento de puríns en Sarreaus



tamén afirma que a contaminación do acuífero superficial podería atribuírse á agricultura e gandería intensivas e que a zona máis contaminada coincide ademais coa de maior carga gandeira.

3.3. Pouco emprego e moito impacto social e medioambiental

A gandería industrial está a contribuír á destrución do planeta e o que está a ocorrer na bisbarra da Limia, da man do Grupo Coren, é un claro exemplo diso. O modelo industrial, con explotacións que son auténticas fábricas de carne, leite e ovos, deu totalmente as costas ao territorio e ao benestar animal, e as consecuencias da súa actividade son nefastas para o medio ambiente. Son á vez auténticas factorías de cambio climático e de contaminación de solos e augas, ademais de armas de destrución masiva para bosques e terras de cultivo de alimentos para persoas, pois precisan inxentes cantidades de materiais de subministración

externos (actualmente estímase que entre o 75 %-80 %⁵³ da superficie agrícola mundial está destinada a producir alimentos para animais en troques de para consumo humano directo). O único que realmente importa é producir moito, rápido e barato. Non importa como.

O Grupo Coren é a única empresa española que figura entre as 35 empresas produtoras de carne e lácteos do mundo con máis emisións de gases de efecto invernadoiro; máis concretamente, ocupa o posto 29. Este “privilexio” deixa claro cal é o seu modelo de produción. Tamén a súa enorme pegada de carbono: 6,7 mT CO2-eq-ano, segundo o recente informe da organización internacional FeedBack⁵⁵.

53 <https://www.nature.com/articles/nature10452>

54 <https://link.springer.com/article/10.1007/s10113-016-1057-5>

55 <https://feedbackglobal.org/wp-content/uploads/2020/07/FeedbackReport-ButcheringPlanet-Jul20-HighRes.pdf>

Emprego na gandería industrial por cabanas e emisións

Ano	Persoas empregadas	Carne porco tn	Carne vacún tn	Carne polo tn	Carne cabra/ ovella tn	Ovos tn	Leite Tn	Emisións totais gandería Mt CO2e
2000	984.800	2.904.615	651.093	990.000	248.819	661.225	6.937.212	57,77
2010	796.900	3.368.921	606.596	1.245.362	141.854	813.721	7.464.726	60,53
2018	799.500	4.530.474	669.008	1.621.718	130.613	840.267	8.122.923	73,24
2019	779.000							
Baixada/ Subida % 2000-2018	-19%	56%	3%	64%	-48%	27%	17%	27%

A gandería industrial, tamén chamada gandería intensiva na súa forma máis aséptica, é un sistema de cría de animais onde se busca a máxima produción de carne, leite e ovos co máis baixo custo e no menor tempo posible. Para isto, utilízanse métodos e técnicas segundo os cales os animais, en elevadas densidades, atópanse confinados e son alimentados de forma permanente dentro de instalacións baixo condicións estritamente controladas por seres humanos ou, por exemplo, no caso dalgunhas explotacións de gando vacún, aínda que poidan saír ao exterior, non teñen acceso a pastos. Neste modelo de gandería, depéndese case exclusivamente de subministracións externas: pensos e forraxes, en gran medida procedentes de terceiros países, así como inxentes cantidades de medicamentos, en particular de antimicrobianos.

Nestas explotacións, cada vez máis mecanizadas, utilízase moi pouca man de obra. Estímase que por cada 5.000 porcos é necesario un traballador a xornada completa⁵⁶.

Segundo as definicións oficiais, nestas explotacións a carga gandeira é superior a 1,5 Unidades de Gando Maior (UGM) por hectárea ou 2,4 UGM, segundo a Comunidade Autónoma. En España, as explotacións gandeiras clasifícanse tamén como “intensivas” cando conteñen máis de 40.000 aves, 2.000 porcos ou 750 porcas reprodutoras, aínda que, en moitos casos, por baixo destes números non deixan de ser un modelo igualmente industrial, xa que se axustan ao exposto no parágrafo anterior.

56 <https://www.ecologistasenaccion.org/wp-content/uploads/2018/05/el-peligro-de-las-macrogranjas-y-alternativas-para-el-campo.pdf>

Un de cada cinco euros da UE destínanse a destruír o rural

A Política Agrícola Común (PAC), lonxe de solucionar os problemas do agro, serviu para subvencionar a expansión da produción industrial de carne e lácteos.

Preto de 125 millóns de hectáreas de terras agrícolas en Europa utilízanse para pastos e para producir alimentos para o gando. Os subsidios asignados a estas terras, xunto con outros subsidios específicos para a gandería, ascenden a entre 28.000 e 32.000 millóns de euros en pagos directos anuais para a gandería (69 %-79 % de pagos directos da PAC). Esta cantidade supón arredor do 20% do orzamento total da UE, unha política contraria ao chamamento da comunidade científica de reducir a produción e o consumo de carne por mor do seu impacto na saúde das persoas e o clima.

Apostar por unha dieta máis sa e sustentable, con máis alimentos de orixe vexetal e menos de orixe animal, permitiría un mundo rural vivo baseado no respecto ao medio natural e aos recursos como a auga e significaría un paso indispensable para frear o colapso da biodiversidade. O excesivo, malsán e insustentable consumo de carne e outros derivados animais só é posible baixo un sistema de produción industrial.



Demandas e propostas

4.1. Para o Goberno de España

1. Que apoie activamente a directiva europea anti-SLAPP que a Comisión Europea pretende impulsar no marco do European Democracy Action Plan co obxectivo de reforzar o funcionamento do estado democrático de dereito no seo da UE.
2. En coherencia con este liderado, que promova unha lexislación española anti-SLAPP que sirva como exemplo aos países da nosa contorna e que protexa deste uso abusivo dos tribunais contra as persoas e organizacións que denuncian prácticas daniñas para a sociedade ou o medio ambiente. Esta lexislación debería incluír medios que garantan a formación dos actores xudiciais verbo destas prácticas e recursos técnicos para garantir que as vítimas deste tipo de demandas poden facer fronte ás mesmas.

4.2. Para Coren:

1. Que retire de forma inmediata a demanda contra Manuel García.
2. Que non faga presión de ningún xeito sobre as persoas ou organizacións que, con interese social ou ambiental, analizan o impacto da súa actividade e amosan a súa preocupación. Estas críticas, lonxe de comportar unha ameaza para o seu modelo de negocio, son unha oportunidade para mellorar o papel que cumpre na sociedade galega.
3. Que se comprometa a non ampliar a súa produción e a deseñar un plan de transición cara a unha produción sustentable.
4. Que se comprometa a non importar materias primas que estean asociadas coa deforestación ou con calquera outro tipo de destrución ambiental.
5. Que reduza as súas emisións de gases de efecto invernadoiro nun 50 % para 2030.


6. Que esixa ás súas granxas proveedoras (sexan propias de COREN, dos seus asociados ou de terceiros) a trazabilidade na xestión dos seus refugallo e o estrito cumprimento do código de boas prácticas agrarias.

4.3. Para la Xunta:

1. Que se establezan de forma inmediata as Zonas Vulnerables aos Nitratos (ZVN) tal e como determina o ditame motivado da Comisión Europea do 2 de xullo de 2020 (até a data da súa publicación, Galicia era a única comunidade autónoma que non designara ningunha ZVN no seu territorio).
2. Que se estableza un código de boas prácticas agrarias de obrigado cumprimento.
3. Que se estableza unha moratoria inmediata para todos os novos proxectos de gandaría intensiva e ampliacións dos existentes.
4. Que se cree un plan estratéxico de gandaría para determinar a carga máxima para cada rexión.
5. Que se reduza a carga gandeira, especialmente nas zonas cunha contaminación histórica da auga por nitratos, como na bisbarra da Limia.
6. Que se desenvolva un Plan de Peches de Explotacións Gandeiras Intensivas con asignación orzamentaria, tal como se está a facer nos Países Baixos.
7. Que se elabore un estudo epidemiolóxico para determinar as afeccións para a saúde de vivir preto de explotacións gandeiras intensivas, en particular debido á contaminación do aire e da auga.
8. Que se amplíe a rede de estacións de control para determinar a contaminación por nitratos e, en particular, que se inclúan todas as fontes naturais das que se abastece tradicionalmente a poboación.

- ### 30 Coren contra Manuel

- Greenpeace España 31



falaRural

GREENPEACE

Greenpeace
Valores 1
28007 Madrid

Greenpeace es una organización independiente que
usa la acción
para exponer las amenazas al medio ambiente y
busca soluciones para un futuro verde y en paz.

greenpeace.es